

Respostas dadas a certas cuestións formuladas por empresas respecto dos pregos da contratación administrativa para a subministración e servizo de mantemento de material informático (ordenadores portátiles e impresoras) da X lexislatura

Cuestión 1- En la presentación de la documentación del sobre A, es necesario presentar una declaración responsable del empresario sobre el compromiso de adscripción de medios personales y/o técnicos) Pto. 7 del Pliego Ad.

Resposta:

Segundo o establecido no apartado 7 da cláusula sexta do prego “**poderase establecer no punto 13 do cadro de especificacións** que a acreditación da solvencia exixida non exime a quen licite de achegar o compromiso de dedicar ou adscribir ao contrato os medios persoais e materiais abondos para a súa execución, nos termos que se establezan, o cal deberá achegarse en todo caso.

De acordo co previsto no artigo 64.2 do TRLCSP, á marxe de acreditar a solvencia requirida, os licitadores deberán asumir o compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais abondos para levala a cabo adecuadamente; medios que, a xuízo do órgano de contratación, deberán cumprir os requisitos establecidos no cadro de especificacións”.

Sen embargo no apartado 13 do cadro de especificacións **non se establecen obrigas contractuais esenciais**, polo tanto, **nesta contratación, non é preciso achegar esa declaración responsable.**

Cuestión 2- Es necesario presentar declaración responsable sobre el porcentaje de minusválidos en plantilla y documentación acreditativa sobre el porcentaje de trabajadores minusválidos?

Resposta:

Non é obrigatorio presentar esa declaración, polo tanto non é causa de exclusión non achegala coa documentación do sobre “A”; conforme ao establecido na cláusula décima do prego, únicamente serve para resolver un eventual empate entre dúas ou máis ofertas, resultando elixida a que acredite maior número de traballadores con discapacidade non inferior ao 2 por cento.

Cuestión 3- En el sobre B solo va el anexo IV que es la oferta económica en contradicción con lo que se establece en el punto 17 sobre la no inclusión de

documentación que permita conocer la oferta económica? Entiendo que es un pliego tipo de ahí las cts al final del mismo, pero solo quería confirmarlo

Resposta:

Efectivamente tratábase dun erro que foi corrixido mediante publicación dunha corrección de erros no BOPG nº 695, do 7 de setembro de 2016, dispoñible no perfil de contratante do Parlamento:

<http://www.parlamentodegalicia.es/sitios/web/contenidogal/informacioninstitucional/Concurso.aspx?Id=103>

Cuestión 4- ¿Pódese substituír a batería de ion-litio de 4 celas e duración mínima de 12 horas por una batería de 3 celas e duración mínima de 12 horas?

Cuestión 5- Poderíase substituír a batería de ion-litio de 4 celas cunha duración de 12 horas, por dúas baterías de ion-litio de 3 celas cunha duración igual ou superior?

Cuestión 6- No prego indícase que a batería debe de ter 4 celas e como mínimo dispor dunha autonomía de 12 horas. Nos criterios de mellora valórase o aumento da autonomía, a nosa pregunta é, valería asegurar o tempo de autonomía pero cun equipo que ten 3 celas no canto de 4?

Resposta:

A prescrición 1.2 (apartado [5]) do prego de prescricións técnicas establece que os ordenadores portátiles deberán incluír como requisito mínimo que as baterías deben reunir a seguinte cualidade:

***Ion-litio de 4 celas. Duración da batería como mínimo: 12 horas, de acordo co Mobile Mark™ 2014
(https://results.bapco.com/results/benchmark/MobileMark_2014)***

Á vista de que a prescrición 1.1 (apartado [3]) do prego de prescricións técnicas e o apartado 4 do cadro de especificacións do prego de cláusulas administrativas non permiten a presentación de alternativas ou variantes, non serán admisibles ofertas de portátiles cuxa baterías non reúnan os requisitos establecidos como mínimos.

Cuestión 7- ¿ Podríamos proponer equipos con Display Port y adicionalmente suministrar un adaptador para HDMI?

Resposta:

A prescrición 1.2 (apartado [5]) do prego de prescricións técnicas establece que os ordenadores portátiles deberán incluír, entre outros, o seguinte:

Conector HDMI con soporte 1080p

Será admisible calquera solución que permita conectar o portátil mediante un cable HDMI